

Acordo do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción e de declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica no termo municipal de Cambre (expediente IN407A 2024/167-1)

Expediente: IN407A 2024/167-1

Solicitante/promotor: UFD Distribución Electricidad S.A.

Denominación: LMT, CT, RBT A Torre e San Lourenzo

Termo municipal: Cambre

1. Características técnicas:

Proxéctase a instalación dun centro de transformación compacto rural de fin de liña de 160 kVA, para o traspaso de cargas da punta da rede existente do CT 15AQ55, de 160 kVA, o cal irá situado na parcela con referencia catastral 15017A067001040000MH, alimentado pola liña de media tensión SMC-701 a 15 kV procedente da subestación San Marcos e desde o cal se alimentará a rede de BT existente mediante dúas saídas.

O entronque coa liña de media tensión aérea SMC-701 realizarase mediante paso aéreo-subterráneo para a nova derivación subterránea que alimentará o novo CT, sendo necesario instalar un apoio proxectado de tipo C-1000/14, no cal se instalará un reconectador (RC) que servirá como dispositivo de protección e manobra para a derivación.

Para dar servizo ao CT proxectado, proxéctase unha nova liña de media tensión subterránea (LMTS) en condutor RHZ1-20L 12/20 kV 3x(1X150) cunha lonxitude de 822 metros, a cal partirá dun paso aéreo subterráneo (PAS) proxectado no apoio proxectado C-1000/14 e rematará no centro de transformación proxectado. Esta liña discorrerá canalizada en gabia, instalada baixo tubo de polietileno de alta densidade, de 16 cm de diámetro.





2 Lexislación de aplicación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2013).
- Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2000).
- Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (DOG núm. 39, do 26 de febreiro de 2021).
- Resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG núm. 54, do 19 de marzo de 2014).
- Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE núm. 351, do 17 de decembro de 1954).
- Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160, do 20 de xuño de 1957).

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria expropiación figura no anexo que se xunta con este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A documentación estará a disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña), entre as 9:00 e as 14:00 horas, de luns a venres, así como no taboleiro de anuncios do concello. Ademais, poderá consultarse no Portal de transparencia e goberno aberto desta consellería:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-electricas-distribucion-e-transporte>





Isto faise público para coñecemento xeral e particular das persoas propietarias dos predios que figuran na relación anexa a este acordo, así como das persoas titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados que fosen omitidos. Poderán examinar a documentación técnica, e no seu caso, achegar as alegacións ou observacións que estimen axeitadas no prazo de 30 días, contados a partir do día seguinte ao da derradeira publicación deste acordo.

A Coruña,
Isidoro Martínez Arca
Director territorial





ANEXO: Relación de bens e dereitos afectados. Termo municipal de Cambre

Nº parcela	Paraxe Referencia catastral	Cultivo	Titular	Afección de solo en pleno dominio		Afección de solo por servidume de paso de enerxía eléctrica			
				Apoio nº	m ²	ml aér	ml sot	m ² aér	m ² sot
1	Lg. Pintor 15017A066002830000 MJ	Rústico. Agrario. Prados ou praderías	Herdeiros de Javier de Don Esteve Bordiu	APOIO 1	2.0		3,04		9,08
2	Lg Torre 15017A067001040000 MH	Rústico. Agrario. Matogueira	Herdeiros de María Josefa López	CT + ACCESO	50,81				

Abreviacións:

ml aé: lonxitude da servidume aérea en metros lineais

m² aé: superficie de servidume aérea en m²

ml sot: lonxitude da servidume soterrada en metros lineais

m² sot: superficie de servidume soterrada

